

EDITORIAL

Xullo é pleno verán. E en pleno verán, no 25 de Xullo, ao longo da historia do noso país, sucederon feitos importantes en Galicia: Era o ano 893 cando el-rei Afonso III lle fai doazón á igrexa de Santiago da vila de Areas. No 1311, Fernando IV concédelles aos arcebispos de Santiago o señorío sobre a cidade. En 1846, A Xunta Superior do Goberno de Galicia proclámase soberana. No 1908 redáctase o Regulamento Xeral da Exposición Rexional de Produtos artísticos e industriais de Galicia. En 1909 inaugúrase en Santiago a Exposición Rexional Galega. Alí exhibense produtos artísticos e industriais de Galicia. E dende 1920 celébrase o Día da patria Galega. "*A festa maior de Galicia, a festa de todos os galegos*", en verbas do gran Castelao. Por iso este mes dedicamos un artigo especial a historia do noso himno, e por iso o persoeiro deste mes é Eduardo Pondal, o Bardo de Bergantiños, pai do Himno Galego. Agardemos que gocedes do verán e do sol que veña, da praia e das nosas mais que tradicionais verbenas. Nos, o igual que o ano pasado, descansaremos durante o mes de Agosto. Pero en Setembro voltaremos por aquí.

Saúdos.



INDICE

- Persoeiro do mes : Eduardo Pondal.
- Axenda Cultural.
- Proxecto "As nosas hortiñas".
- Faladoiro Literario.
- Artigo: A historia do Himno Galego.

PERSOIRO DO MES : Eduardo Pondal.



Eduardo Pondal, "*o bardo de Bergantiños*", é un dos grandes poetas do noso Rexurdimento, xunto con Rosalía de Castro e Curros Enríquez.

Naceu na vila de Ponteceso o 8 de febreiro de 1835, no seo dunha familia de orixe fidalga que se enriqueceu na emigración a América e que, ao seu regreso a Galicia, ocupou postos destacados na vida política e económica da comarca bergantiñá.

Era fillo de Juan González Pondal, comerciante, e de Ángela Abente Chans, que deixou orfos os seus fillos ao ano seguinte de nacer Eduardo. Como era o menor de sete irmáns, formouse nun ambiente de alto poder adquisitivo que lle permitiu dedicar toda a vida á escritura, xa que os recursos necesarios para o seu mantemento proviñan das rendas familiares.

En 1844 estudou gramática latina na reitoral de Vilela de Nemiña co párroco de Touriñán, Cristóbal de Lago, como era habitual nos rapaces que querían iniciar carreira eclesiástica ou universitaria. A composición "*O dolmen de Dombate*" constitúe unha boa mostra da influencia que esta etapa de primeiros estudos na terra de Bergantiños causou nel. Durante eses anos, o mozo Pondal estivo moi pendente dos acontecementos históricos en España e en Galicia, especialmente de todo o movemento político e militar que desembocou no fusilamento en Carral do xeneral Solís, defensor das ideas liberais e progresistas -que tanto interesaban a Pondal- en oposición ao poder centralista e conservador do goberno de Madrid. No ano 1848 instalouse en Santiago de Compostela para cursar o bacharelato en filosofía e, a continuación, de 1854 a 1860, a carreira de Medicina. En Compostela frecuentou os faladoiros literarios do Liceo de la Juventud, situado nos baixos do convento de Santo Agostiño, xunto con Aurelio Aguirre, Manuel Murguía e Rosalía de Castro. Foi nesta época cando se revelou como poeta, nunha ocasión que pasaría á posteridade como *Banquete de Conxo*: un xantar celebrado o 2 de marzo de 1856, baixo a organización de Luís Rodríguez Seoane, Aurelio Aguirre e o propio Pondal, no que confraternizaron obreiros e artesáns composteláns con estudantes liberais. Na sobremesa, Pondal leu o poema en castelán

A cunca.

Boletín Cultural da Asociación Herminio Barreiro

"*Brindis*", escrito por el, o que lle supuxo a apertura dun proceso na Audiencia da Coruña, debido ao seu avanzado carácter progresista.

No ano 1857, seguindo os parámetros literarios do poeta portugués Luis Vaz de Camões, apareceron os primeiros versos de *Os Eoas* e, ao ano seguinte, viu a luz a primeira versión de *La Campana d'Anllóns*, publicada na edición do 14 de febreiro no xornal pontevedrés El País.




Casa natal de pondal, en Ponteceso.

Rematou a carreira en 1860 e, un ano despois, opositou ao corpo de Sanidade Militar en Madrid. Pero pronto comezou o seu desinterese pola carreira que escollera. En 1864, ao pouco de conseguir un posto na fábrica militar de Trubia (Asturias), deixou a praza e abandonou definitivamente a profesión médica. O 2 de xullo de 1861 celebráronse na Coruña os primeiros Xogos Florais de

Galicia, aos que Pondal concorreu co texto "*A campana d'Anllóns*", o seu primeiro poema en galego, que se publicou ao ano seguinte no *Álbum de la Caridad* e no que aínda non se encontran pegadas do celtismo. A partir dese momento, Pondal retirouse á casa paterna, na que residiu con frecuentes visitas a Compostela e, especialmente, á Coruña, onde participou no faladoiro rexionalista da Cova Céltica, como era coñecido aquel encontro de intelectuais na Librería Regional de Carré Aldao. A través de Murguía accedeu ao libro *Ossian, barde du IIIè siècle* (1867), de James Macpherson, que o levou a afondar no seu convencemento sobre a


influencia do mundo céltico en Galicia e, por extensión, na súa lingua. Neses anos publicou títulos como *A fada dos montes*, un folleto de 12 páxinas introducido por uns versos hendecasílabos de Ariosto, e *Rumores de los pinos*, nunha liña poética que lle daba á súa obra un eco importante na intelectualidade galega da época pola pureza da súa lingua e a potencia do seu estilo. Os vinte e un poemas en galego e castelán que conforman *Rumores de los pinos* servíronlle de base para a creación de *Queixumes dos pinos*, onde recupera as composicións en galego, incluíndo algúns dos poemas en castelán traducidos ao galego.



A cunca. Boletín Cultural da Asociación Herminio Barreiro

No ano 1888 decidiu marchar a Carballo, onde entrou en contacto coa música da man do compositor Pascual Veiga, quen lle solicitou a letra para unha melodía súa coa que participaría nun certame coruñés en que se ía seleccionar a mellor Marcha Regional Gallega. Pondal entregoulle "*Os pinos*", un poema xurdido das sucesivas reelaboracións de *Rumores de los pinos*. Se ben a adaptación dos versos de Pondal á música de Veiga se realizou nese tempo, a presentación en sociedade do himno non tivo lugar ata o 20 de decembro de 1907, nun acto organizado polo dinamizador Xosé Fontenla Leal no Gran Teatro do Centro Galego de La Habana.

No ano 1894 Pondal instalouse na Coruña, onde frecuentou os círculos máis coñecidos da época, como a Sociedad Cooperativa Militar y Civil ou a Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos. En 1895 Uxío Carré editou *O dolmen de Dombate* e unha nova versión de *La Campana d'Anllons*. O relativo éxito das composicións pondalianas estendeuse máis aló das fronteiras de Galicia, non só polo resto de España, senón tamén por Portugal e Francia. Asemade, colaborou con artigos e poemas en diversas publicacións periódicas, en España e en América, como *Eco de Galicia*, *Galicia Diplomática*, *Galicia Emigrante*, *La Ilustración Gallega y Asturiana* e *Revista Gallega*.



Durante a última etapa da súa vida sufriu constantes ataques depresivos e amosaba síntomas de neurose obsesiva. O seu carácter misantrópico e hipocondríaco derivou nunha crise, en 1903, que lle provocou un trastorno psíquico. Respecto á súa obra, aínda que é significativo o interese por parte dos seus coñecidos por publicar a versión definitiva de *Os Eoas* nese momento da súa vida, as continuas correccións ás que Pondal sometía o texto e o avance da súa enfermidade impediron que saíse á luz. Entre 1905 e 1908, consciente xa do seu débil estado mental, volveu novamente a Ponteceso. Viviu de forma intensa dous importantes acontecementos: a fundación da

Real Academia Galega, na que non chegou a participar, aínda que foi membro numerario, e mais a morte de Curros Enríquez, no ano 1908, a quen lle dedicou algunha composición nas publicacións da época. A finais de 1908 decidiu volver á Coruña, onde recibiu, en 1910, a nova do seu nomeamento como académico honorario da Academia de Poesía Española de Madrid. No mediodía do 8 de marzo de 1917 morría na Coruña Eduardo Pondal, tal e como informaba a prensa galega da época que, ademais, ofrecía abondosos datos sobre o seu soterramento, ao que acudiron diversos políticos, como o propio alcalde da Coruña, e

intelectuais, moitos deles pertencentes á Real Academia Galega e a outras institucións relevantes da cidade.

A súa obra pode dividirse en dúas etapas:

- A primeira vai desde 1854 ata 1868. Corresponde ao segundo provincialismo. Pondal amósase como un poeta bilingüe de tendencia romántico-byroniana, que se modera coa

intención e coa forma clasicista. Produce o famoso poema "*El canto de un brigante. A campana de Anllóns*", e dous poemas en galego que constitúen unha primeira redacción de

Os Eoas, que quizais respondese ao título de Colón, segundo informa Murguía en *Los Precursores*.

- A segunda etapa corresponde ao rexionalismo. Pondal, influído polas ideas dos seus correligionarios, especialmente a través de Murguía, séntese o poeta bardo, o espallador das raíces étnicas do pobo galego. Iníciase co libro bilingüe *Rumores de los pinos* (1877) e chega ao cume con *Queixumes dos pinos* (1886). Ao carón destas obras colocamos as últimas refundicións de *Os Eoas*, que, aínda que é inicialmente unha obra de concepción provincialista, vai ser "rexionalizada" por influxo dos ideais dos integrantes da Cova Céltica. Ademais, un feixe de poemas soltos que son parte frustrada de *Queixumes dos pinos* (variantes, poemas non incluídos, etc.) ou proxectos doutras obras que nunca chegaron a realizarse na súa totalidade. Parte destes poemas foron publicados en *Pondal: versos ñorados ou esquecidos* e en *Eduardo Pondal: novos poemas*. Outros esperan a publicación das obras completas do xenial bergantiñán.

A base da súa poética susténtase nalgúns eixes fundamentais: en primeiro lugar, a poesía clásica, á que tivo acceso desde moi novo, nos seus primeiros estudos, sobre todo a relacionada co mundo grego arcaico, destacando sobre todas as voces a de Homero. Ao seu lado, a Biblia, especialmente o Cantar dos Cantares, foi para el fornecedora de personaxes como Miqueas ou Tirteo, que representan o espírito da rebelión. Tamén o Renacemento, con Dante, Ariosto, Tasso e Camões, é indispensable para a comprensión da épica pondaliana, especialmente *Os Eoas*. Finalmente, cómpre sinalar a influencia da poesía italiana neoclásica, representada na figura de Vincenzo Monti.

Indicamos, a continuación, os seus títulos fundamentais:

A fada dos montes. Santiago de Compostela: Tip. Manuel Mirás e Álvarez, 1872.

Rumores de los pinos: poesías. Santiago de Compostela: Tip. Manuel Mirás e Alvarez, 1877.

A campana d'Anllóns. A Coruña: Imp. Carré Aldao, 1895.

O Dolmen de Dombate. A Coruña: Imp. Carré Aldao, 1895.

Queixumes dos pinos. A Coruña: Latorre y Martínez, 1886.

Versos iñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal. Vigo: Galaxia, 1961. Reunidos, prologados e anotados por Ricardo Carballo Calero.

Novos poemas. Vigo: Galaxia, 1971. Limiar, transcripción e notas de Amado Ricón Viruleg.

Os Eoas: (unha aproximación). A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, 1992. Limiar, transcripción, selección e notas de Amado Ricón Viruleg.

AXENDA CULTURAL :Xullo.

Cervexería Encontro



- Venres 4, as 00:00 :Lou Reyes Trio.
- Venres 11, as 00:00 :The Blue Pipes.
- Venres 18, as 00:00 :Black Dog.

OUTROS EVENTOS



Treixadura, un dos grandes do folk no nosos país, dra un concerto o dia sabado 5 de Xullo, a partires das 22.00, na plaza da Carballeira de barrantes.


AS NOSAS HORTIÑAS

Xuño xa foi dando os seus froitos. E os nosos granxeiros último modelo cada día disfrutan mais dos éxitos das súas hortiñas ...



FALADOIRO LITERARIO

Durante o mes de Xuño o noso faladoiro deu parte do “Ensayo sobre la lucidez” de Saramago. Unha obra moi debatida no noso faladoiro, sobre todo polo xeito particular na que foi escrita, nada da man dun Premio novel de Literatura. Pero tamén tivemos tempo para falar de moitos libros mais nunha xornada de “barra libre”. Podes acceder a toda a información relativa as xuntanzas do noso faladoiro a través da nosa web, pero nos recomendamos que te unas e participes.



A próxima cita será o día 10 de Xullo as 21:00, na Cafetería Aromas. Para esa data hai escollida unha lectura común, “*El nombre de la Rosa*”, de Umberto Eco, inda que vendo como avanzan estas xuntanzas a bo seguro que non será o único libro do que se fale .

<http://ascuncasculturais.wordpress.com/faladoiro-literario/>

ARTIGOS : A historia do himno galego.



25 de Xullo, día da Patria Galega

Ao igual que a bandeira, o noso himno obtivo recoñecemento oficial unicamente no ano 1984 en virtude da Lei de Símbolos de Galicia. Porén, como no caso da bandeira, a historia do himno galego esténdese moito máis atrás no tempo, pois a súa andaina comeza na derradeira década do século XIX. Grazas a un amplo e detallado estudo publicado conxuntamente por Manuel Ferreiro e Fernando López-Acuña na obra colectiva Os Símbolos de Galicia agora podemos coñecer

moitos dos pormenores relativos tanto á concepción orixinal da letra e da música do himno como á súa posterior popularización.

A orixe do himno nacional de Galicia está no certame musical organizado polo compositor Pascual Veiga e o seu Orfeón Coruñés Número 4, un evento que se celebrou na Coruña durante os días 30 e 31 de agosto de 1890. Precisamente foi o propio Veiga quen lle solicitou a Eduardo Pondal que escribise un poema para servir de letra destinada a acompañar unha futura "Marcha Regional Gallega", pois entre os diversos premios previstos no devandito certame había un de composición que debía outorgarse a aquela música máis axeitada para cumprir esa función.

Foi así como naceu "Os Pinos", o poema pondaliano cuxas estrofas iniciais conforman a letra do noso himno. Mais, a pesar da intención orixinal do concurso, a composición vencedora no premio da "Marcha Regional Gallega" -unha partitura titulada *Musica feras domesticat*, obra do catalán Ivo Gotós- non foi a

música que recibiu a letra escrita por Pondal. En troques esta acabou combinándose con outra composición realizada por Pascual Veiga para o mesmo certame de 1890. Velaí o nacemento do noso himno. E aínda que descoñecemos o momento exacto e as circunstancias precisas en que tivo lugar a combinación da música de Veiga e das palabras de Pondal, si sabemos que iso aconteceu de xeito definitivo algúns anos despois, dado que temos constancia de que o futuro himno galego xa o ensaiaba no ano 1896 o Orfeón do Centro Galego de Madrid, cidade onde Pascual Veiga era profesor na Escuela Nacional de Música desde 1892.

Conven salientar que o certame musical de 1890 debe ser entendido dentro do contexto do rexurdir musical galego que se produciu durante a segunda metade do século XIX, e que estivo protagonizado por figuras tan coñecidas como Marcial del Adalid, Juan Montes, José M^a Varela Silvari e o mesmo Pascual Veiga. Igualmente a súa celebración estivo moi relacionada co movemento coral e tamén cos esforzos por prestixiar a nosa música popular. Non debemos esquecer que o certame da Coruña organizado por Veiga, ademais de contar con diferentes premios de composición e de execución para bandas, coros e sextetos, incluía tamén un concurso de gaitas e de música do país. Alén diso, a festa musical que formaba parte do acto de clausura do certame -celebrado na tarde do día 31 de agosto- ofrecía no seu programa cantos e bailes populares (alalá, muiñeira ou ribeirá, etc.), xunto coa actuación das bandas e das corais participantes nos concursos do día anterior. Así pois, o certame coruñés de 1890 estivo animado por unha evidente intencionalidade patriótica de exaltación da música e das tradicións galegas. Compréndese así o desexo dos organizadores de dotar a Galicia dun himno particular que a representase e co cal as súas xentes se sentisen identificadas.

A prensa da época informa de numerosos actos públicos celebrados ao longo das primeiras décadas do século XX que axudaron a dar a coñecer a melodía de Veiga e o poema de Pondal, contribuíndo desta maneira a que a obra comezase a ser percibida, paseniño, como himno propio de Galicia. Obviamente a gran

maioría desas celebracións foron obra do emerxente movemento galeguista que actuaba tanto no eido político como no cultural. Cabe destacar dous deses actos.

A homenaxe a Pascual Veiga realizada no Teatro do Centro Galego de La Habana o día 20 de decembro de 1907, durante a cal tivo lugar a primeira representación pública coñecida do que entón se denominaba o "Himno Regional Gallego", sendo a súa música interpretada pola Banda Municipal da cidade (noticia recollida nos Ns. 50 e 51 da revista Galicia de La Habana). Pouco despois, en 1908, o himno de Veiga e Pondal pasaría a ser oficial en todas as conmemoracións organizadas por ese Centro Galego. Anos máis tarde unha segunda homenaxe a Pascual Veiga, desta vez celebrada no país durante o traslado dos restos mortais do compositor desde Madrid ao seu Mondoñedo natal en setembro de 1912, ofreceu a ocasión para interpretar o himno publicamente por primeira vez en Galicia (información transmitida no N. 39 de Vida gallega).

Foron estes os primeiros episodios do decorrer histórico do noso himno, o cal logrou acadar, como a bandeira, unha ampla aceptación popular moito antes de ser recoñecido oficialmente.

<i>Que din os rumorosos</i>	<i>e valeroso chan,</i>	<i>imbéciles e escuros</i>
<i>na costa verdecente,</i>	<i>non des a esquecemento</i>	<i>non nos entenden, non.</i>
<i>ao raio transparente</i>	<i>da inxuria o rudo encono;</i>	
<i>do prácido luar?</i>	<i>esperta do teu sono</i>	<i>Os tempos son chegados</i>
<i>Que din as altas copas</i>	<i>Fogar de Breogán.</i>	<i>dos bardos das idades</i>
<i>de escuro arume arpado</i>		<i>que as vosas vaguedades</i>
<i>co seu ben compasado</i>	<i>Os bos e xenerosos</i>	<i>cumprido fin terán;</i>
<i>monótono fungar?</i>	<i>a nosa voz entenden</i>	<i>pois, onde quer, xigante</i>
	<i>e con arroubo atenden</i>	<i>a nosa voz pregoa</i>
<i>Do teu verdor cinguido</i>	<i>o noso rouco son,</i>	<i>a redenzón da boa</i>
<i>e de benignos astros,</i>	<i>mais só os iñorantes</i>	<i>Nazón de Breogán.</i>
<i>confín dos verdes castros</i>	<i>e féridos e duros,</i>	